

PROGRAMA INTRES

Programa para o Impulso de Actividades de fomento da Investigación traslacional de Excelencia en Saúde de Galicia

No marco do **Programa InTrES**, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) formaliza novos **convenios de colaboración para o período 2024-2026** coas tres Fundacións de Investigación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (**FIDIS**).
- Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (**FINIBIC**).
- Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (**FPGIBGS**).

O **Programa InTrES** constitúese como instrumento estable de apoio á **investigación traslacional de excelencia**, orientado a reforzar a coaboración entre os axentes do ecosistema galego de I+D+i en saúde, favorecer a transferencia temperá de coñecemento e impulsar a xeración de innovación con impacto real na práctica clínica e na saúde da cidadanía.

O programa alíñase coas prioridades da **RIS3 Galicia 2021-2027**, co Plan Galego de Investigación e Innovación, e coa estratexia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde de promover un modelo de investigación traslacional, integrado e orientado ás necesidades das persoas.

Obxectivos e liñas de actuación

As actuacións desenvolvidas no marco do **Programa InTrES** estrutúranse arredor das seguintes liñas estratéxicas:

- Incrementar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora dos principais axentes do ecosistema galego de I+D+i en saúde.
- Impulsar a difusión dos resultados da investigación científico-técnica e da innovación financiados con fondos públicos.
- Mellorar a educación científico-técnica da sociedade, favorecendo unha comprensión máis ampla do valor da investigación en saúde.
- Colaborar na profesionalización da divulgación científica e apoiar o establecemento de sinerxías e aproveitamento e no establecemento de sinerxías e aproveitamento de recursos entre os axentes do sistema de coñecemento en Saúde.

Orzamento e período de execución

Os convenios do **Programa InTrES 2024-2026** contan cun orzamento **global aproximado de 639.000 euros**, financiado pola ACIS e distribuído en tres anualidades entre 2024 e 2026, de acordo cos respectivos convenios asinados con cada fundación.

As actuacións desenvolveranse durante o período 2024-2026, cun seguimento técnico e económico anual, garantindo a correcta execución das actividades e a avaliación dos resultados acadados.

A continuación dispoñedes dun vídeo-resumo sobre este Programa, e na caixa lateral dereita das fichas-resumo e dos tres Convenios correspondentes a cada unha das Fundacións galegas.

CONVENIOS E OUTROS ARQUIVOS

ACIS-FIDIS

ACIS-FPGIBGS

ACIS-FINIBIC

Fichas resumo do
programa InTrES

